

ANEXO

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA CON MOTIVO DAS INSTRUCIÓNS DO 27 DE ABRIL DE 2020

De acordo coas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía procede a revisar a programación didáctica para centrar as actividades lectivas do derradeiro trimestre nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver o alumnado.

1. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES DA 1ª E 2ª AVALIACIÓN

Considéranse imprescindibles os **contidos mínimos** que constan na programación do departamento para cada materia. A estes efectos, os impartidos ata a suspensión das clases (13 de marzo) que se nomean por materia a continuación:

1ºESO Bioloxía e Xeoloxía: ata o punto 7 dos contidos mínimos indicados na programación.

3ºESO Bioloxía e Xeoloxía: ata o punto 10 inclusive.

4ºESO Bioloxía e Xeoloxía: ata o punto 10 inclusive.

4ºESO Cultura Científica: todos agás o punto 7 e 10.

1ºBacharelato Bioloxía e Xeoloxía: ata o punto 19 inclusive.

1ºBacharelato Cultura Científica: ata o punto 2.2 inclusive.

1ºBacharelato Anatomía aplicada: bloques 1,2, 3 e 8.

2ºBacharelato Bioloxía: toda a materia

2ºBacharelato Xeoloxía: toda a materia

2ºBacharelato Ciencias da terra: toda a materia

Módulo 4 ESA: Os catro primeiros puntos máis do 10 ao 12 inclusive.

1ºBacharelato Bioloxía e Xeoloxía ADULTOS: ata o punto 14 inclusive.

1ºBacharelato Cultura Científica ADULTOS: ata o punto 10 inclusive.

2ºBacharelato Bioloxía ADULTOS: ata o punto 6 inclusive.

2ºBacharelato Ciencias da terra ADULTOS: ata o punto 5 inclusive.

FP Básica 1 Ciencias Aplicadas: ata o punto 4 inclusive.

FP Básica 2 Ciencias Aplicadas: ata o punto 4 inclusive.

2. REVISIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, previa revisión da programación didáctica, concreta as actividades, distribuídas en tarefas semanais, tentando de organizar un traballo axeitado, e como indican ditas instrucións; coa pretensión e finalidade da superación das avaliacións suspensas e da mellora de cualificacións das dúas avaliacións (1ª e 2ª) para todos os cursos e materias impartidas polo departamento.

Como norma xeral, as tarefas a realizar consistirán en repaso da materia, reforzos, actividades de mellora, exercicios, traballos, probas telemáticas e mesmo probas presenciais de recuperación se a situación sanitaria o permitise. De todas elas se irá dando debida información no período que estime o profesorado a través da aula virtual do centro ou dos distintos servicios telemáticos utilizados ao caso.

3. ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE E MECANISMOS DE RECUPERACIÓN

Existen catro situacións a considerar, as que se lle aplicarán os seguintes procedementos e ferramentas:

1) ALUMNOS COAS DÚAS AVALIACIÓNS APROBADAS (1ª e 2ª):

Repaso de contidos da 1ª e 2ª avaliación, exercicios e traballos.

2) ALUMNOS COAS DÚAS AVALIACIÓNS SUSPENSAS / MÓDULO 3 DA ESA SUSPENSO:

Actividades de recuperación, traballos, exercicios e probas telemáticas ou presenciais como describimos no apartado 2.

3) ALUMNOS CON UNHA AVALIACIÓN APROBADA E UNHA AVALIACIÓN SUSPENSA (1ª ou 2ª):

Na avaliación aprobada, repaso de contidos, exercicios e traballos; na avaliación suspensa, actividades de recuperación, traballos, exercicios e probas telemáticas ou presenciais como describimos no apartado 2.

4) ALUMNOS DE ENSINO DE ADULTOS (ESA)

Neste apartado temos que salientar as particularidades do módulo 4 do Ámbito científico da ESA, onde non hai primeira nin segunda avaliación, e as clases acababan de comezar cando se suspenderon polo estado de alarma.

As tarefas a realizar consistirán en repaso da materia impartida, reforzos, actividades de mellora e ampliación, exercicios, traballos, probas telemáticas e mesmo probas presenciais se a situación sanitaria o permitise. No caso de non poder facer proba presencial, será preciso a presentación das tarefas que se requiriron de xeito correcto para poder superar o ámbito.

4. REVISIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Á vista das cualificacións obtidas na 1ª e 2ª avaliación, o alumno aproba a materia se obtén 5 puntos de media despois de sumar as notas de cada unha delas e dividir por dous (a nota mínima para facer media será 3,5 puntos como consta na programación).

- Os alumnos que consigan recuperar unha avaliación (1ª o 2ª), por cumprimento das tarefas citadas no 3º trimestre, obterán un aprobado na avaliación correspondente.
- Pola realización de actividades de repaso, reforzo ou mellora no 3º trimestre, os alumnos que as fagan poden conseguir ata 1 punto en función dos resultados, que se sumará tras facer a media da primeira e segunda avaliación.
- Respecto aos alumnos con materias pendentes: os alumnos de asistencia regular e que aprobaran a proba de febreiro superarán a materia pendente. Para o alumnado que non asistiu ás clases regularmente e ademais non superou a citada proba a proba oficial do mes de maio será substituída mediante a entrega dun boletín de exercicios que deberán entregar antes do 30 de maio.

5. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

A adaptación da programación didáctica será publicada na páxina web do centro aberta a toda a comunidade educativa. Do mesmo xeito farase chegar a todo o alumnado interesado polos medios telemáticos habituais para que teña coñecemento expreso da mesma.